

# ITINERÁRIO DO AVE



Cunha das poboacións máis novas, a nota dominante é o verde da paisaxe, o val do Ave estendese dende a costa Atlántica ata a serra de Cabreira. Comezando pola cidade de Maia, o percorrido pasa por Santo Tirso, co seu imponente mosteiro beneditino onde está instalado o museo Abad pedrosa, atravesa a vila de Ave e chega finalmente a Guimarães, orixe de Portugal, que se estende no val, ao pé do monte de Pena. Esta cidade é coñecida polo seu histórico castelo, polo pazo dos Duques de Braganza e polo convento románico Nossa Sra. de Oliveira. Esta rexión está caracterizada por unha forte e antiga implantación industrial.




# ITINERÁRIO DE BASTO



Deixando atrás a cidade de Pascoaes, se parte agora cara a rexión de Basto. Comezando por Celorico de Basto coas súas imponentes casas soaregas e seculares camelios. A historia de este concello está ligada ao castelo de Arnoia, cuxa construción é anterior á fundación da nacionalidade. En dirección a Mondim, é inevitable unha visita á cima do monte de N.S. da Graça, así como ás espectaculares vistas do Ermelo, sobre o río Olo. Despois hai que seguir pola vella estrada montañosa sobre a falda do Alvão ata Ribeira de Pena, pasando seguidamente por Moimenta, o percorrido se dirixe agora cara Cabeceiras de Basto, onde destaca o fermoso mosteiro de Refojos, cuxas orixes se remontan ao ano 670, e que constituíu un baluarte de defensa, protección e desenvolvemento da rexión, e cuxa importancia foi vital para este concello.

Iniciase na cidade de Braga, unha das máis antigas cidades cristiás das que hai memoria, merece unha especial visita a súa catedral, o fermoso santuario do Bom Jesús do Monte, coa súa escada barroca. Seguidamente, impónse un desvío cara a citánia de Briteiros, onde se custodian innumerables vestixios celtas e romanos. Seguindo por Amares, chea de testemuñas históricas, entre as que sobresaen o magnífico mosteiro de Santa María de Bouro, belo exemplar recuperado recentemente. Termina a ruta na histórica vila de Póvoa de Lanhoso, co seu castelo, baluarte da reconquista cristiá e centro vital na fundación da nacionalidade.


# ITINERÁRIO DO CÁVADO NACENTE



# ITINERÁRIO DO LIMA



Comezando pola foz do río Lima, onde se sitúa Viana do Castelo, cidade especializada en actividades marítimas, comerciais e pesqueiras e que ten un centro histórico que simboliza a época dos Descubrimentos. Pasando pola singular vila de Ponte de Lima, cuxas orixes se perden na noite dos tempos, coa súa histórica ponte romana, e seguindo pa marxe esquerda do Lima, chégase a Ponte da Barca, cuio nome débese á barca que comunicaba ámbalas dúas marxes do río. A continuación, chégase a Arcos de Valdevez, cidade coñecida polo seu conxunto de pontes medievais. Seguindo por esta marxe dereita do río chégase a Refoios de Lima, co seu magnífico mosteiro, recuperado recentemente xunto a súa antiga torre medieval.




# ITINERÁRIO DO MIÑO




Este itinerario percorre a estrada situada no límite norte de Portugal, onde a variedade e a beleza da paisaxe son unha constante. Iniciase na fermosa vila de Vila Nova de Cerveira, pasando pola cidade fronteiriça de Valença do Minho, coas súas antigas murallas, e por Monção, capital do "Alvarinho". Percorre as zonas de montaña, coas súas aldeas cheas de carácter, como Castro Laboreiro, Soajo ou Lindoso, perto do magnífico Parque Nacional de Peneda-Gêres, terminando na cidade de Melgaço, onde é obrigatorio visitar o seu castelo, bela testemuña da arquitectura militar portuguesa do século XIII.

# ITINERÁRIO DO SOUSA



Iniciase o percorrido cunha visita obrigatoria aos mosteiros de Cête, no concello de Paredes, e ao Pazo de Sousa (en Penafiel), importantes núcleos medievais que contribuíron ao desenvolvemento do territorio. A continuación atravesase Penafiel, considerada como a capital histórica do val de Sousa. Seguindo en dirección a Lousada e á famosa "Torre dos Mouros", se chega a Felgueiras, situada na parte superior do val, de onde sobresaen o mosteiro de Pombeiro, rico exemplar arquitectónico do período que antecedeu á nacionalidade portuguesa, e coñecido polos famosos bordados de Lixa. Este itinerario termina na bela e mística cidade de Amarante, onde deberia visitarse a igrexa eo claustro do imponente monte de San Gonzalo, do século XVII, o museo de arte "Amadeo Souza Cardoso", con obras deste célebre pintor de vangarda e outros artistas do século XX, así como a fabulosa ponte setecentista entre ambas marxes del río Tâmega.



# ITINERÁRIO DO TÂMEGA



O paseo iniciase no fermoso mosteiro de Alpendurada, onde se desfruta dun magnífico recuncho, continuando en dirección a Marco de Canaveses, onde destacan as imponentes ruínas do "Fidalgo", en Vila Boa de Quires, e a igrexa de Santa María, á entrada da cidade, obra recente de Siza Vieira. Continúa a viaxe en dirección ao parque arqueolóxico de Freixo-Tondobriga, importante cidade de época romana, da que se parte cara a Baião e Eiriz. Chegando ao val do Douro disfrútase dunha rara beleza paisaxística, con recunchos de natureza en estado puro, e con algunhas casas antigas que emerxen da paisaxe, cheas de memorias, das que é exemplar vivo a Casa de Tormes, onde viviu Eça de Queirós, e un dos máis famosos escenarios de "as cidades e as serras".



# TODO O QUE MAXINAS... E MÁIS

Cartografía: Programa de Consellos de Vinhas do Regado do Ribeiro Verdes

# Proxecto Rutas do Viño Galicia-Norte de Portugal



COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL

Co proxecto comunitario Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, cofinanciado polo FEDER no marco do Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal, preténdese crear, capacitar e promocionar as "Rutas do Viño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal" como instrumento público-privado de cooperación para mellorar a competitividade da industria vitivinícola e o desenvolvemento do enoturismo, así como valorizar a identidade cultural da Eurorrexión.

Unha ruta do viño é "un produto turístico organizado en torno ao eixo temático do viño e localizado nun territorio concreto identificado cunha denominación de orixe vitivinícola. As rutas inclúen recursos de interese enolóxico, cultural e paisaxístico, entre os que se poderán atopar, ademais de adegas, outros establecementos que presten servizos de restauración, hospedaxe, educativos e de ocio e lecer que, cumprindo os requisitos pertinentes, estean adheridos á dita ruta".

A área xeográfica de intervención é a correspondente cos concellos que estean incluídos nas cinco denominacións de orixe de Galicia (Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei e Valdeorras) máis os da D.O. Vinhos Verdes, no norte de Portugal.


Co proxecto espérase mellorar a competitividade do viño como recurso estratéxico da economía de Galicia e do Norte de Portugal, mellorar a cooperación público-privada, a internacionalización das Pemes, incrementar o número de enoturistas e contribuir á diversificación do medio rural.

- As actuacións están estruturadas en torno a catro actividades:**
- Diagnóstico e deseño do produto e da marca "Rutas do Viño".
  - Creación e/ou consolidación de estruturas de cooperación público-privadas.
  - Capacitación e desenvolvemento de produto.
  - Equipamento, promoción e internacionalización.

**Período de execución:**  
1 de outubro de 2008 / 31 de marzo de 2011 (30 meses)

**Fonte de financiamento europea:**  
FEDER (Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal)

**Partenariado transfronterizo:**  
**Beneficiario Principal:**  
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Galicia)  
**Socios:**  
Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Galicia)  
Concello de Ribadavia (Galicia)  
Comissão de Viticultura da Região dos Vinhos Verdes (Portugal)




GALICIA

## RUTA DO VIÑO DE MONTERREI

O **Val de Monterrei** é terra fronteiriza de viño e ancestrais entroidos, atravesado pola Vía da Prata, ruta sur do Camiño de Santiago. Poste interesantes lugares rodeados de viñedos e ricos coutos de caza. Destaca O Castelo de Monterrei, fortificado por varios recintos que gardan a antiga vila. O Camiño Real leva do Castelo a Verín e no casco antigo podemos achegarnos á Casa dos Acevedo ou o Convento dos Padres Mercedarios. Vilas como Ombra, Pazos, Villaza ou Albarellos amósanos a arquitectura tradicional e cumpre visitar a igrexa prerrománica de Mixós (s.X), no concello de Monterrei. As "Rutas das Augas" e a "Ruta do Támega", descúbrenlos manantiais mineromedicinais de Cabreiroá, Sousas, Fontenova, Requeixo e Fonte do Sapo. Por Castelo do Val accédese ó valioso Parque Natural do Invernadoiro.




tra a maior extensión de viñedos e bodegas da Denominación de Orixe, e ademais é unha das zonas máis turísticas de Galicia grazas a fermosas paisaxes costeiras e conxuntos históricos como a vila de Cambados ou o mosteiro de Armenteira.




GALICIA

## RUTA DO VIÑO DAS RÍAS BAIXAS NORTE

## RUTA DO VIÑO DAS RÍAS BAIXAS SUR




O Rosal está dominado pola imponente desembocadura do Miño, no Océano Atlántico, creando un escenario idílico que garda todo l misterio da fronteira con Portugal, e que ten como máximo expoñente o conxunto prehistórico do monte de Santa Tegra (A Guarda). Mentres a Ribeira do Ulla, atravesada polo río Ulla e o Camiño de Santiago, conserva toda la paz e beleza que a convertira en antiga zona de retiro das acomodadas clases compostelanas. En definitiva, a Ruta do Viño Rías Baixas constitúe unha proposta turística completa e diferente que ofrece unha experiencia chea de matices, tanto para o amante do viño, como para aquel que simplemente busca unha proposta diferente.




GALICIA

## RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA NORTE




A beleza e o recollemento da Ribeira Sacra se reflicten nos numerosos e monumentais mosteiros presentes nesta zona, como no Santo Estevo de Ribas de Sil, no concello de Nogueira de Ramuín, Santa María de Montederramo, Santa Cristina, en Parada de Sil, ou San Pedro de Rocas, no concello ourensán de Esgos (S.VI), así como igrexas e capelas, verdadeiras xoias do románico, algunhas vencelladas ao Camiño de Santiago. Completan o seu rico patrimonio castelos como o de Maceda, A Peroxa ou Castro Caldelas.




GALICIA

## RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA SUR




GALICIA

## RUTA DO VIÑO DO RIBEIRO



## RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS

Nas milenarias **terras de Valdeorras** abundan restos romanos e prerrománicos, edificios civís e relixiosos como o Mosteiro de Xagoaza. A Vía Nova do "Itinerario de Antonino" cruza a comarca salvando o río Bibei nunha audaz ponte e o río Sil na da Cigarrosa. Merecen unha visita o castelo de O Bolo (s.XV) e o Santuario das Ermidas (s.XVII), co seu vía crucis. Existen sorprendentes espazos naturais onde practicar actividades deportivas, dende as serras setentrionais no vinícola val do Sil e o do Bibei, moldeado en bancais polos esforzados viticultores, os espectaculares canóns dos ríos Xares e Mao e os numerosos encoros ata a alta montaña ourensá, na que destacan en particular os conxuntos de Pena Trevinca e o da Serra da Enciña da Lastra.



TURGALICIA  
 Concello de Ribadavia  
 COMISSÃO DE VITICULTURA DA REGIÃO DOS VINHOS VERDES  
 PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA - PORTUGAL  
 Unión Europea FEDER  
 aGader  
 XUNTA DE GALICIA  
 Rutas do Viño Galicia Norte de Portugal  
[rutasdelvino.xunta.es](http://rutasdelvino.xunta.es)